

Plan de atención a diversidad

2017



IES Isidro Parga Pondal

ÍNDICE

1 Xustificación baseada no contexto

1.1 Marco legal

1.2 Entorno socioeconómico, alumnado e profesorado

1.3 Recursos persoais

2 Identificación e valoración das necesidades

3 Obxectivos do plan

4 Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para atención á diversidade.

4.1 Medidas Ordinarias

4.2 Medidas extraordinarias

5 Criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.

6 Actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas.

7 Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos.

8 Canles de colaboración coas nais, pais ou titores legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro.

9 Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan.

1 Xustificación baseada no contexto

Segundo o decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes, concíbese a atención educativa á diversidade como conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben de concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos.

1.1 Marco legal

- Decreto 229/2011, do 7 de decembro , polo que se regula a atención á diversidade do alumado.
- Orde de 6 de Outubro de 1995 , pola que se regula as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.
- Orde o 31 de Outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica do alumnado con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral e establece o procedemento e os criterios para a realización do dictame de escolarización.
- Orde do 28 de Outubro de 1996, polo que se regula as condicións e o procedemento de flexibilización da duración do período de escolarización do alumnado con NEE, asociados a condición persoais de sobredotación intelectual
- Decreto 120/1998 do 23 de Abril, póla que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de Xullo de 1998 pola que se establece a Organización e funcionamento da Orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 4/2011 do 30 de Xuño de convivencia e participación na Comunidade Educativa.

1.2 Entorno socioeconómico, alumnado e profesorado

O noso Centro atópase situado en Carballo, na comarca natural chamada “ Terra de Bergantiños“. Do centro da vila saen unha serie de vías para os diversos lugares do concello e da comarca: cara ó Sur a estrada de Santiago; cara á costa as estradas de Malpica e Razo, á beira desta última e xa fora do casco urbano sitúase o noso Instituto; a estrada da Coruña a Fisterra, que atravesa toda a vila, comunica Carballo coa capital da provincia e coa zona Sur da Costa da Morte.

A terra de Bergantiños é unha comarca natural que abarca os concellos de Carballo (18 parroquias), Coristanco (15 parroquias), Laracha (13 parroquias), Malpica (13 parroquias), Ponteceso e algunhas parroquias do Concello de Arteixo e de Anxeriz de Tordoia. Comprende toda a conca do río Anllós e as zonas costeiras de Corme, Arteixo, Baldaio e Malpica.

O centro e capital da comarca é Carballo que experimentou un forte crecemento urbano a partir dos anos 60: a economía agropecuaria e forestal foi desprazada polo crecemento do sector secundario debido á instalación de fábricas na súa periferia e ó desenvolvemento comarcal e de servizos.

No noso Instituto, ISIDRO PARGA PONDAL, comeza o seu funcionamento no curso 1993/94, e dende 1994/95 conta con persoal docente fixo. É un instituto moi novo, creado segundo a reforma educativa, feito que o diferencia do resto dos institutos da comarca.

O alumnado procede dos CEIP Bergantiños (Carballo), CEIP Nétoma-Razo (Razo), CEIP Canosa-Rus (Rus). Excepcionalmente o centro acolle nenos doutros centros de Carballo: CEIP Fogar e CEIP San Luis Romero .

Unha porcentaxe pequena do alumnado procede do colectivo moinante da zona do Sixto. Algunhas familias seguen mantendo os traballos tradicionais como son a venda ambulante nas feiras e as atraccións nas festas de verán. Outros son chararreiros. Os moinantes sobreviven apoiándose mutuamente nun ambiente que fai vulnerable a súa identidade social, debido ós prexuízos e os estereotipos negativos cos que se asocia a este grupo en toda a Comarca.

1.3 Recursos persoais

- Xefa de Departamento:
- Profesoras de Pedagogía Terapéutica
- Profesora de ámbito socio-lingüístico:
- Profesora de ámbito científico-matemático:
- Profesorado que imparte Programas de Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento (PMAR), Agrupamentos, PROA, Apoios, Pendentos, Titorías e atención na Aula de Convivencia.

2 Identificación e valoración das necesidades

Antes do inicio do curso establécese unha reunión cos departamentos de orientación dos centros de procedencia para coñecer e ter unha primeira valoración en canto a número de alumnos con n.e.a.e. e as súas características e así poder facer unha previsión de recursos persoais e materiais para o curso.

Nas primeiras semanas de curso faise unha revisión dos historiais académicos, informes psicopedagóxicos, se é o caso, informes individualizados de final de curso ou etapa do alumnado para determinar as medidas oportunas.

Reunión de avaliación inicial no mes de outubro para determinar o nivel xeral do grupo nas distintas áreas, así como as carencias individuais en cada unha delas, que irá acompañado de toma de medidas; distribución do grupo, adaptación curriculares, reforzos, apoios, agrupamentos específicos, Proa.

Ao longo do curso, nas distintas reunións de avaliación vanse detectando aqueles alumnos que en función dos seus intereses e capacidades necesiten unha resposta educativa diferentes ás medidas ordinarias: PMAR, derivación á FP Básica, etc.

Necesidade de contactar co titor do curso anterior para que aporte información de interese educativo dos titorandos.

Procedemento para realizar ou revisar unha avaliación psicopedagóxica:

- Niveis de competencia curricular que terá que facilitar os profesores das materias instrumentais.
- O titor informará a familia sobre a necesidade de avaliación psicopedagóxica, previa a calquera actuación e asinará a súa conformidade se é o caso.
- A Orientadora fará a avaliación e rematada a mesma informará sobre o resultado ó titor/a que trasladará a información ó resto do profesorado que lle da clase ó alumno e ao Xefe de Estudos e ademais á familia, deixando constancia no expediente do alumno.
- No caso de revisión psicopedagóxica, actualízase os niveis de competencia curricular e probas psicopedagóxicas que determinan a súa capacidade para o aprendizaxe.

- Alumnado con desfase curricular de máis de 1 ano asociado a situación de desvantaxe socio cultural ou doutra índole.
- Valoración do titor sobre a avaliación inicial e especificación das materias que precisarían adaptación curricular significativa.
- Informe psicopedagóxico sobre o nivel actitudinal, estilo de aprendizaxe e metodoloxía máis acorde coas características do alumno/a que será elaborado polo orientador.
- Informe da situación socio-cultural e familiar do alumno/a obtido mediante entrevistas do titor/a e do orientador/a coas familias e outros organismos oficiais relevantes para o caso.

A partir desta información determinaranse:

- Modalidade de apoio (horarios, características de atención)
- Coordinación entre o profesorado
- Criterios de avaliación e seguimento do proceso

Cada curso especificarase o número e características do alumnado co que se traballará nese período académico.

3 Obxectivos do plan

Facilitarlle ó alumnado en xeral e a aqueles que presentan necesidades educativas especiais en particular, unha resposta o mais rápida e o mais adecuada posible que, segundo os recursos dispoñibles lle permita optimizar o seu desenvolvemento persoal e social.

Favorecer o desenvolvemento de propostas metodolóxicas e de avaliación que faciliten unha adaptación ás necesidades de cada alumno.

Coordinar o desenvolvemento da inclusión escolar do alumnado con trazos especiais.

Organizar os recursos persoais e materiais do centro co fin de facilitar unha resposta educativa adecuada ó alumnado, especialmente ós que presenten NEAE.

Articular o asesoramento ás familias sobre actuacións específicas.

Favorecer a participación e colaboración de nais e pais no proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos e fillas.

Impulsar a colaboración e coordinación con outras institucións e asociacións.

4 Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para atención á diversidade.

As medidas de atención á diversidade teñen en conta o marco legal vixente e as indicacións dos diferentes protocolos educativos publicados pola Consellería de Educación no ámbito da orientación educativa, entre os que destacamos:

- [Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva.](#)
- [Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo \(TEA\).](#)
- [Protocolo para a atención educativa do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual.](#)
- [Protocolo sobre TDAH.](#)

Seguindo os principios destes protocolos, as medidas de atención á diversidade serán sempre o máis inclusivas e ordinarias posibles.

4.1 Medidas Ordinarias

Titoría:

Dentro da Acción Titorial traballamos a integración do alumnado á vez que tratamos de favorecer o desenvolvemento emocional e a aprendizaxe de habilidades sociais. Así mesmo desenvólense programas de aprender a aprender mediante as técnicas de traballo intelectual . Tamén os titores manteñen un contacto coas familias informando do proceso de ensino-aprendizaxe do alumno e orientar naqueles casos en que se necesita unha estratexia conxunta familia-centro educativo en colaboración co Departamento de Orientación. Todo isto acádase coa axuda da reunión de coordinación semanal entre Orientación e titores dos diferentes niveis da ESO.

Optatividade:

Para atender os diferentes intereses e necesidades dos alumnos o centro ofrece unha ampla oferta de materias optativas tanto na Educación Secundaria Obrigatoria como en Bacharelato.

Reforzo Educativo:

É unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescritivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, ós agrupamentos de alumnos e a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía.

As medidas de reforzo educativo non suporán necesariamente medidas extraordinarias nin necesitarán de autorización para ser levadas a cabo, e realizaranse segundo se establece a continuación:

- A. Estarán dirixidas a aqueles alumnos e alumnas que coa modificación de elementos non prescritivos do currículo poden seguilo proceso ordinario de ensino-aprendizaxe.
- B. Serán elaboradas polo profesor ou profesora que imparte a área ou materia na que o alumno necesita a medida de reforzo, co coñecemento do titor ou titora
- C. O seu desenvolvemento levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesor ou profesora do alumno que imparte a área ou materia, coa colaboración, se é o caso, doutros profesionais. Esta colaboración non poderá substituír en ningún caso a actuación habitual do profesor.

Esta medida iníciase despois da primeira avaliación e cada profesor ten que levar a cabo un programa de reforzo na súa materia para os alumnos avaliados negativamente co obxectivo de que a superen.

Apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria:

No centro temos profesorado de diferentes especialidades que fai labores de apoio dentro da aula e complementa o traballo do profesor da materia.

Hai dedicación de profesorado para aqueles alumnos que non cursan o segundo idioma por presentar dificultades nas materias básicas instrumentais.

Segundo as necesidades do alumnado e dispoñibilidade horaria do profesorado fanse desdobramentos en determinados grupos e niveis en materias instrumentais preferentemente.

Existe na maioría dos departamentos un Plan de recuperación de pendentos que supón en algunhas materias clases fóra do horario lectivo e noutras entrega de materiais de reforzo.

Aula de traballo Individualizado (ATI):

É un espazo onde o profesorado de garda atende os alumnos/as que sexan derivados desde xefatura, por ser expulsados da aula nunha materia, un ou varios días ou xornadas enteiras.

É un lugar de traballo, sendo preciso un ambiente adecuado e que o alumno/a expulsado leve o correspondente traballo da materia. O alumnado que, polas repetidas condutas contrarias ás normas, fora obxecto de privación do seu dereito de asistencia por períodos de 1, 3 ou 5 días, pode ser atendido nesta aula, no lugar de cumprir a sanción no seu domicilio, combinando traballos curriculares e de modificación de conduta.

Programa de Reforzo , Orientación e Apoio (PROA):

A través do Contrato-Programa temos concedido dende hai varios anos un Programa de Reforzo-Orientación e Apoio (PROA) para o alumnado dos primeiros cursos da ESO na modalidade de acompañamento.

MEDIDAS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA

Estarán enmarcadas dentro das actuacións establecidas nos protocolos e normativa vixente en materia de convivencia escolar, referidos a igualdade e non discriminación destacando o Protocolo para a prevención , detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso, debido a problemática crecente que o uso indebido das redes sociais ocasiona entre o alumnado.

Programa de Convivencia:

O programa de Convivencia trata de facilitar a reflexión do alumnado que impide o normal desenvolvemento do grupo clase, enchendo de contido pedagóxico as “expulsións” á xefatura de estudos ou dirección.

Neste programa, o profesorado do equipo de mediación trata de darlle axuda ó adolescente para que analice as súas condutas disruptivas e se comprometa ó cambio, ofrecendo unha resposta tanto ós conflitos puntuais na aula como ó alumnado con problemas persistentes de conduta.

Mediación:

Entendemos por mediación unha oportunidade que se brinda ás persoas que teñen un conflito de sentarse xuntas cunha terceira parte neutral (algún membro do departamento de mediación), falar do seu problema para intentar chegar a un acordo dun xeito produtivo e positivo, sempre de forma voluntaria.

Os conflitos máis frecuentes que poden chegar a mediación son:

- rumores dañinos, insultos, alcumes molestos, queixas, malentendidos
- disputas e liortas
- ameazas
- persoas que incordian, que abafan ou acosan
- situacións degradantes e inxustas
- amizades deterioradas
- todas aquelas faltas tipificadas como contrarias ás normas de convivencia do centro no NOF.

Alumnado axudante:

O alumnado axudante descríbese como un compañeiro ou compañeira que ampara e axuda os seus iguais cando xorde un conflito ou se senten desvalidos.

Amosarán sempre imparcialidade e confidencialidade, chegando a abordar situacións que acostuman a pasar desapercibidas para os adultos.

Programa de habilidades socio-emocionais:

Para aqueles alumnos con dificultades de relación persoal temos en funcionamento cursos de habilidades sociais fóra do horario lectivo.

Tamén na hora de titoría lectiva co alumnado da ESO temos un programa de Habilidade de Vida que se desenvolve no segundo trimestre do curso e aplícase o programa de habilidades sociais individuais de forma preventiva con aqueles alumnos que presentan problemas condutuais ao longo do curso.

4.2 Medidas extraordinarias

Adaptacións curriculares:

Esta medida seguirá o procedemento establecido na Orde do 6 de outubro de 1995 da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria que determina que supoñen modificacións dun ou de máis elementos prescritivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atender as necesidades educativas dun alumno ou alumna motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais.

Os obxectivos poderán pertencer, se é o caso, a outro ciclo ou etapa distinto do que curse o alumno obxecto de adaptación curricular.

Decidirase a conveniencia de elaborar unha adaptación curricular para un alumno determinado, unha vez esgotadas outras medidas ordinarias de intervención educativa.

Agrupamentos flexibles:

Trátase de agrupamentos flexibles de carácter transitorio para apoiar o alumnado con dificultades na aprendizaxe das áreas instrumentais (matemáticas, lingua galega ou lingua castelá) ou das áreas de ciencias da natureza e ciencias sociais. Nestas áreas a clase divídese en grupos para poder dar una atención máis individualizada e adaptada aos alumnos e alumnas que o necesiten.

Destinados o alumnado de 1º, 2º e 3º da ESO que, segundo o criterio do equipo educativo, teña dificultades de aprendizaxe.

Programas de Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento:

Están dirixidos a alumnos que se atopen nas seguintes condicións:

1. Ter dificultades xeneralizadas de aprendizaxe, ter sido obxecto doutras medidas de atención á diversidade, sen que estas resultasen suficientes para a recuperación das dificultades de aprendizaxe detectadas e atoparse nunha situación de risco evidente de non alcanzar as competencias básicas e os obxectivos da etapa cursando o currículo ordinario.

2. Existir expectativas razoables de que coa incorporación ao programa poderán alcanzar as competencias básicas e os obxectivos da etapa e, en consecuencia, obter o título de ESO.

Condições de acceso: as establecidas na lexislación vixente.

Intervención do profesorado de PT e AL:

Este profesorado intervirá nos casos de necesidades específicas de apoio educativo cando se especifique no correspondente informe psicopedagóxico. A medida poñerase en marcha unha vez emitido o informe, tendo en conta a os dos colexios de Primaria.

A intervención deste profesorado efectuarase tanto na aula ordinaria como fóra da mesma, segundo as necesidades do alumnado, atendendo ás súas funcións e en coordinación co resto de profesorado implicado.

Seguindo os protocolos establecidos, as intervencións irán orientadas a favorecer o máximo desenvolvemento individual, dentro dun marco inclusivo, onde se adapten ao máximo os recursos ordinarios para ofertar unha atención personalizada en función das necesidades educativas de cada alumno/a.

5 Criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.

Os apoios as necesidades educativas efectuaranse tanto dentro da aula ordinaria coma fóra, segundo as necesidades de intervención e as posibilidades organizativas.

Os agrupamentos para a intervención fóra da aula ordinaria co alumnado con dificultades específicas, realizaranse segundo as necesidades educativas do alumnado co que se intervén e os recursos dispoñibles.

Priorizarase o traballo nas áreas instrumentais.

Como norma xeral o alumnado con dificultades máis importantes, recibirá maior número de horas de apoio.

Ao remate de cada curso e de cara á organización do seguinte, levarase a cabo unha previsión sobre a cantidade de horas de apoio e o alumnado que terá medidas ordinarias ou extraordinarias.

6 Actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas.

MEDIDA DESEÑADA	PROFESIONAIS IMPLICADOS
Reforzos Educativos	Profesorado de área
Aula de Traballo Individualizado	Profesorado de garda
Programa de Convivencia	Profesorado do Equipo de Convivencia e Mediación
Mediación	Profesorado do Equipo de Convivencia e Mediación
Alumno axudante	Profesorado do Equipo de Convivencia e Mediación
Programa de recuperación de pendentos	Profesorado de pendentos
Programa Reforzo, Orientación e Apoio	Coordinadora e profesorado do programa PROA
Programa de Habilidades Socio-emocionais	Profesorado do equipo de Convivencia e Mediación
Adaptación Curricular e Reforzo Educativo	Profesor de área, Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe
Agrupamentos flexibles	Profesorado de área
PMAR	Profesorado de área

7 Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos.

Reunión dos equipos educativos:

Os equipos educativos dos distintos grupos reúnen na avaliación inicial e nas ordinarias durante o curso e nestas reunións fanse e/ou apróbanse propostas de actuación que respondan ás necesidades do alumnado. (incorporación a agrupamentos, PROA, ATI, etc.)

Reunión de tutores:

Todas as semanas realízase unha reunión de tutores por nivel na que se fan propostas para incorporar ao alumnado nas distintas medidas de atención á diversidade que hai no centro.

Colaboración cos centros adscritos:

Ao final de cada curso escolar faise unha reunión cos orientadores dos centros adscritos para facer unha previsión do alumnado con NEAE para o curso seguinte. Asemade cada principio de curso faise unha reunión cos profesores de Pedagogía Terapéutica dos centros adscritos para concretar os aspectos traballados na etapa de Primaria do alumnado con NEAE.

Reunión dos compoñentes do Departamento de Orientación:

Nesta reunión semanal organízanse os horarios dos apoios dos alumnos con NEAE tanto a principio como durante o curso. Asemade faise un seguimento do traballo nas aulas de apoio (Adaptacións curriculares, materiais de apoio, necesidades específicas do alumnado, etc.)

8 Canles de colaboración coas nais, pais ou titores legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro.

Reunión grupal de inicio de curso dos titores cos pais do grupo.

Entrevistas individuais dos titores ou profesores cos pais dos alumnado tanto de carácter xeral como á hora de tomar medidas específicas de atención á diversidade (PMAR, agrupamentos flexibles, etc.).

Reunión da coordinadora de PROA coas familias dos alumnos implicados.

Colaboración cos Servizos Sociais do Concello.

Coordinación coa Unidade de Saúde Mental da Consellería de Sanidade.

Coordinación con profesionais de psicoloxía e pedagogía que traballan en gabinetes privados.

Coordinación cos Servizos de Menores.

Coordinación cos centros específicos de Educación Especial.

9 Procesos de seguimiento, avaliación e mellora do plan.

Que avaliar: Para avaliar o plan de atención á diversidade tomarase como referencia os obxectivos recollidos no punto 3.

Como avaliar: Farase ao longo do curso un seguimento das medidas recollidas no Plan tendo en conta os resultados de evolución académica, social e persoal do alumnado.

Cando avaliar: Será nas diferentes reunións do Departamento de Orientación, sesións de avaliación e CCP onde se fará o seguimento das medidas recollidas no Plan.

Ao final de curso o Departamento de Orientación elaborará unha memoria do Plan Xeral de Atención á Diversidade no que recollerá as propostas de mellora, de ser o caso.

ANEXOS



XUNTA DE GALICIA

Consellería de Educación, Universidade e Formación
Profesional.

galicia

EXENCIÓN DA SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA.

Don/Dona -----

Titor/a do alumno/a -----

INFORMA que o referido alumno/a presenta claras dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, polo que, co asesoramento do Departamento de Orientación,

SE PROPÓN a súa EXENCIÓN na materia de Segunda Lingua Estranxeira. O alumno asistirá a clases de REFORZO EDUCATIVO, para que se lle preste unha atención máis individualizada.

O pai/nai/titor legal do alumno queda informado e manifesta a súa conformidade.

En Carballo , a de de 20....

Asdo: O titor/a



XUNTA DE GALICIA

Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

galicia

INCORPORACIÓN PMAR

Departamento de Orientación

IES Isidro Parga Pondal

CONFORMIDADE DOS PAIS SOBRE A PROPOSTA DE INCORPORACIÓN A UN PMAR

D:

e D^a:

pai e nai respectivamente do alumno/a,

e tras recibir a información necesaria por parte do IES Isidro Parga Pondal acerca do PROGRAMA DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO (PMAR), manifestamos a nosa opinión:

FAVORABLE

DESFAVORABLE

Ante a posibilidade de que o meu fillo/a forme parte de dito programa nos seguintes termos:

- Colaborar para que o meu fillo asista á totalidade das actividades lectivas das que se compón o programa, agás causa xustificada.
- Colaborar para que curse con aproveitamento o programa .

En Carballo, a de de 20.....

Alumno/a

Pai/nai do alumno/a